

Concello de Viveiro

Dna. María Loureiro García, Alcaldesa- Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 23 de xuño de 2021, relativo a Convocatoria para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 21/06/2021 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias non incluídos no cadro de persoal do Concello para o ano 2021, con número de expediente: 3394/2021.

Vistas as Bases Xerais e anexo para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade.

Vistas as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 21/06/2021 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias.

Tendo en conta que despois da remisión de candidatos dende o SPEG, resultaron admitidos cinco, polo que foi preciso realizar demanda de mais candidatos, co obxectivo de cubrir a totalidade das prazas.

O posto de socorrista está vacante é polo que se realiza unha nova solicitude de oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) en Viveiro.

Tendo en conta que o Servizo Público de Emprego de Galicia nos remite novo aspirante.

Tendo en conta que o proceso selectivo responde á urxencia para a contratación de persoal para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 21/06/2021 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de socorrista, dende o **12 de xullo de 2021 ata o 13 de xullo de 2021 (ámbolos dúas incluídos).**

SEGUNDO.- Indicar que as bases xerais, anexo e bases específicas polas que se establecen as normas para a selección de 6 socorristas para as praias para o ano 2021, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 21/06/2021 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal www.viveiro.es.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcadesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.





Concello de Viveiro

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)



Cod. Validación: 5ZW7ZCRSEJXGH3P-JLLK06FY | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147